



BASES DA CONVOCATORIA DO I CONCURSO DE POESÍA “ESCRIBE UN POEMA A MARÍA MAGDALENA” 2025

BASES

O Concello de Mos, a través da Concellaría de Cultura, impulsa e fomenta a cultura popular galega nas múltiples e variadas expresións artísticas.

Neste caso tratase do I Concurso de Poesía "Escribe un poema a María Magdalena" que nace coa finalidade de homenaxear a figura de María Magdalena, poeta renomeada de Mos, cuxo legado literario e cultural permanece vivo na nosa comunidade e dá nome á Biblioteca Pública Municipal.

Primeira. Obxecto

Este certame busca incentivar a creación poética inspirada nas súas obras, na súa vida ou no seu impacto na literatura e na identidade local. Pretende ser unha oportunidade para que poetas a partir de 12 anos e de todos os estilos expresen, a través dos seus versos, a súa visión sobre María Magdalena, xa sexa desde unha perspectiva biográfica, simbólica ou creativa.

A través deste concurso, reafirmamos o compromiso coa literatura e co recoñecemento da nosa tradición cultural, promovendo a poesía como ferramenta de expresión e memoria.

Segunda. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión de premios estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convócase con cargo á aplicación 332 489 0000 (Premios Concurso de Poesía María Magdalena) cun importe total de 1.000,00 €. (mil euros).

Terceira. Persoas destinatarias e categorías

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen e que entren dentro das categorías establecidas sempre que as obras que presenten sexan orixinais e en idioma galego.

Só poderá presentarse un poema por persoa cunha extensión máxima de 20 versos.

Non poderán empregarse ferramentas de intelixencia artificial para redactar total ou parcialmente os poemas.

Os poemas non poderán ter sido publicados en ningún formato ou soporte (páxinas web, blog, etc), nin total nin parcialmente, nin estar pendente de veredicto noutros concursos, ou a espera de resposta dun proceso editorial.



O incumprimento destas bases dará lugar a descualificar automaticamente a persoa participante.

Establécense dúas categorías para participación:

- Categoría A : Xuvenil (de 12 a 17 anos)
- Categoría B : Adultos (de 18 anos en diante)

Cuarta.- Lugar e prazo de presentación

O prazo de presentación dos poemas será dende o 14 de abril ata o 9 de maio.

Os poemas poderán presentarse en formato dixital (en tipografía Arial e tamaño 12) a través do enderezo electrónico biblio_municipal@concellomos.es ou en formato físico na biblioteca Municipal María Magdalena (Camiño do Porto, 1 Porteliña, Petelos en horario de Luns a Venres de 10.00h a 21.00h).

Quinta.- Documentación a presentar

En caso de presentación en formato dixital:

Presentarase un único arquivo dixital, constando de dúas páxinas, co seguinte formato:

- a) O nome do ficheiro será o título do poema.
- b) Na primeira páxina:
 - Título do poema
 - Poema
 - Pseudónimo utilizado
 - Categoría a que corresponde
- c) Na segunda páxina:
 - O título do poema e o pseudónimo co que se presenta.
 - Nome e apelidos reais da persoa autora, número de D.N.I. dirección completa, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico.

En caso de presentación en formato físico:

Presentarase nun sobre pechado dentro do cal irán dúas páxinas co seguinte formato:

- a) O sobre levará por fora o título do poema escrito.
- b) Na primeira páxina:



- Título do poema
- Poema
- Pseudónimo utilizado
- Categoría a que corresponde

c) Na segunda páxina:

- O título do poema e o pseudónimo co que se presenta.
- Nome e apelidos reais da persoa autora, número de D.N.I. dirección completa, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico.

Sexta. O Xurado

O xurado estará formado pola Concelleira de Cultura (presidenta do Xurado), unha persoa membro de cada partido político que compoñen a corporación municipal, dous poetas mosenses, un representante do Departamento de Literatura Galega do IES de Mos e unha persoa funcionaria do Concello de Mos que exercerá a secretaría do xurado.

Os membros do xurado non poderán participar no concurso.

No caso de empate será o voto da presidencia do xurado quen dirimirá.

Os premios poderán quedar desertos se non se alcanza unha calidade mínima, e as decisións do xurado son inapelables en todos os casos.

Sétima. Premios

Categoría A : Xuvenil (de 12 a 17 anos)

- 1º premio: Diploma acreditativo, 300,00€, lote de exemplares das obras escritas por María Magdalena.
- 2º premio: Diploma acreditativo, 200,00€, un lote de libros.

Categoría B : Adultos (de 18 anos en diante)

- 1º premio: Diploma acreditativo, 300,00€, lote de exemplares das obras da poetisa María Magdalena.
- 2º premio: Diploma acreditativo, 200,00€, un lote de libros.

Así mesmo, o xurado poderá entregar accésits en ámbalas categorías a aquelas obras que estimen que pola súa calidade merezan recoñecemento, entregando un diploma acreditativo a tal efecto.

Oitava. Entrega de premios



A entrega de premios terá lugar dentro da programación do día das Letras Galegas. Comunicaráselle data e lugar a todas as persoas participantes.

Novena. Propiedade Intelectual

A participación nesta convocatoria do I Concurso de poesía “Escribe un poema a Maria Magdalena” 2025, implica a aceptación das presentes bases e a súa interpretación é responsabilidade da organización.

A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases.

As obras pasarán a ser propiedade do Concello de Mos.

Os participantes manteñen a propiedade intelectual dos poemas pero aceptan que a Concellaría de Cultura do Concello de Mos poida dispoñer da obra para a súa difusión e publicación así como a corrección gramatical e léxica.

Décima. Protección de datos

Os datos persoais incluídos neste concurso só serán coñecidos pola persoa funcionaria encargada do concurso quen esta obrigada a garantir o anonimato dos/as autores/as dos poemas durante todo o proceso, exceptuando os poemas premiados ou outras situacións previstas nas bases.

Os seus datos persoais non serán comunicados ou cedidos a terceiros.

As persoas interesadas poderán revogar o seu consentimento así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo electrónico: biblio_municipal@concellomos.es.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Concellaría de Cultura do Concello de Mos, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” .

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Undécima. Publicidade

A publicidade das presentes bases e a resolución do concurso realizarase a través da páxina oficial do Concello www.concellomos.es , no BOPPO, BDNS, así como mediante carteleiras, dípticos, redes Sociais do Concello e Biblioteca e nos xornais de maior publicación.



Duodécima. Competencia

O órgano competente para aprobar estas bases será a Alcaldía do Concello de Mos.

Dona Sara M^a Cebreiro Alonso
Concelleira delegada de Cultura

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

